

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE
SETEMBRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía do día 19 de setembro de 2008, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2009

Dada conta da Resolución de Alcaldía n.º 1753 de 19 de setembro deste ano, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo rexistrado de entrada o día 16 de setembro de 2008 co número 11 644, no que solicita a designación das festas locais para o ano 2009.

Visto que se debe remitir a proposta municipal con anterioridade ao día 20 de setembro de 2008.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2009 o martes de entroido e o luns 17 de agosto.

Segundo: Comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación e remítase a correspondente certificación á Delegación provincial.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de setembro de 2008.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía n.º 1753 de 19 de setembro de 2008, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2009.

2º Aprobación, se procede, da revisión de tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego e do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, de data 17 de setembro de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de setembro de 2008.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo comprende que as subidas que se presentan están dentro da legalidade e que non son esaxeradas, pero que nun momento de crise como é o actual, poderíase facer un esforzo por parte do concello para manter as tarifas, e incluso tratar de incentivar para que houbera máis participación e poder abaratar os custos. Por todo isto, sinala que o seu grupo vai manter o voto de abstención emitido na comisión informativa.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai manter o voto favorable emitido na comisión informativa. Di que lles gustaría saber cal é a maneira de que os demais non sufran a crise e que unha empresa como a que ten a concesión tamén a supere, se non consegue subir as tarifas tal e como tiña autorizado polo contrato que se fixo con ela. Pensa que sería unha irresponsabilidade, e recoñecen que o concesionario fai un esforzo importante por ter unha subida de prezos menor do que lle correspondería segundo as cláusulas contractuais. Di que o que hai que facer é un esforzo por incentivar a participación de usuarios na piscina, para que teñan niveis de rendibilidade máis altos, pero que están no seu dereito á subida e sería irresponsable non aprobala.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo pensa que o sobrecusto que ten a piscina da Barcala baséase, fundamentalmente, nos poucos abonados e usuarios que ten, polo que estas subidas de prezo poden ocasionar que se reduzan aínda máis as persoas que están a usar esa infraestrutura. Pensan que habería que buscar fórmulas alternativas de captación de socios e abonados, facer unhas campañas, e tamén, como xa se tratou nunha moción, e incluso está contemplado no proxecto Arume, colocar os paneis solares para quentar a auga e así, dalgunha maneira, reducir o custo.

Continúa dicindo que non descartan que o concello subvencione a piscina, por tratarse dun servizo que consideran que é necesario, dada a importancia da natación, incluso por prescrición médica ou temas terapéuticos, e porque é unha necesidade, sobre todo para persoas maiores e nenos e nenas que teñen que gozar desa infraestrutura. Di que tamén nas piscinas descubertas, ao seu xuízo, non se corresponde o prezo co servizo que prestan. Para dicir isto baséanse en comparacións con outras instalacións que están dentro do contorno do concello. O seu grupo non formaba parte da corporación anterior e non participou na adjudicación deste servizo nin nos criterios establecidos para a súa valoración, polo que se van abster na votación da proposta.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas máximas a percibir polo concesionario segundo detalle:

	Outubro 2008
Abonados	
Abono individual xeral	23,75
Abono Familiar (resp.unidade.fam)	22,95
Cónxuxe	4,05
Fillos	4,05
Abono xoven	17,15
Abono 3ª idade e dim.	16,95
Abono individual mañá	16,30
Matrícula abonados	23,15
Mantemento matrícula	11,60
Non abonados	
Entrada xeral	4,10
Entrada -18 anos	2,80
Entrada estudantes	2,80
Entrada 3ª idade	2,80
Baño libre piscinas exteriores	
1 días	2,80
1 día, -18 anos,estudantes,carné xoven, 3ªidade.	2,50
Programa deportivo municipal na Barcala	
Abonados	
Natación bebés (1 día semana)	6,20
Natación escolar (1 día semana)	4,40
Natación escolar (2 días semana)	8,80

Natación 3ª idade (2 días semana)	8,80
Natación recuperación funcional (2 días semana)	8,80
Natación educación especial (2 días semana)	10,50
Matrícula	11,60

Non Abonados

Natación bebés (1 día semana)	12,40
Natación escolar (1 día semana)	8,80
Natación escolar (2 días semana)	17,60
Natación 3ª idade (2 días semana)	17,60
Natación recuperación funcional (2 días semana)	17,60
Natación educación especial (2 días semana)	21,00
Matrícula	23,20

Programa deportivo municipal en piscinas exteriores

Natación iniciación infantil	33,00
Natación perfeccionamento infantil /adultos	33,00
Natación iniciación adultos	33,00

Actividades

Abonados

Fitness (2 días semana)	10,00
Fitness (3 días semana)	14,20
Fitness (5 días semana)	22,00
sesión	2,05
Natación adultos (2 días)	10,00
Natación adultos (3 días)	13,50
Matronatación (2 días)	10,50
Aquagym (2 días)	12,00
Aquagym (3 días)	16,00
Ed. F. de Base (1 día)	8,50
Ed. F. de Base (2 día)	14,00

Non abonados

Fitness (2 días semana)	17,00
Fitness (3 días semana)	23,70
Fitness (5 días semana)	36,75

sesión	4,10
Natación adultos (2 días)	20,00
Natación adultos (3 días)	27,00
Matronatación (2 días)	21,00
Aquagym (2 días)	24,00
Aquagym (3 días)	32,00
Ed. F. de Base (1 día)	12,50
Ed. F. de Base (2 día)	20,00

Segundo: Comunicar a empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados.

3º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción conxunta dos grupos municipais do PP, BNG, EU-IU e PG respecto da seguridade viaria en Pravio: Sendas peonís no núcleo de Pravio e de Pravio á Castellana

Rexistrada de entrada ao núm. 11972 o día 20 de setembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Desde o inicio da lexislatura, tanto o goberno local como a totalidade dos grupos municipais mantiveron varias reunións coa Asociación de Veciños de Pravio e Cela (AVEPCE), iniciando así unha nova etapa marcada pola participación e colaboración. Polo tempo transcorrido ata hoxe, podemos comprobar que o único resultado foi de frustración. Os problemas continúan sen solucionarse, por iso é polo que formulamos neste Pleno as seguintes cuestións, dada a súa importancia de máxima prioridade e urxencia:

1) Senda peonil PK 4+130 e PK 4+470 na estrada AC- 214

A travesía é unha promesa de moitos anos, anunciada tanto desde a Xunta de Galicia como desde o goberno local, e na última campaña electoral iniciouse un sendeiro que continúa sen rematar despois de máis dun ano. Esta situación está causando moitas molestias aos veciños que cederon terreo, cunha obra inacabada diante da súa casa e, por outra parte, continúa a

situación de grave risco para os peóns. Polo que resulta urxente a conclusión desta obra para garantir a seguridade viaria.

2) Senda peonil de Pravio á Castellana na estrada AC-214

A Asociación de Veciños de Pravio e Cela tratou este asunto en reunións co Sr. alcalde e dadas as dificultades pola negativa de cesión de terreos por parte dos propietarios para construír a senda, desde a Alcaldía proponse entubar a cuneta para aproveitar o espazo para a construción da senda coa existencia de espazo suficiente para levar a cabo esta obra. Pero polo incertidume que xera o goberno local e a sorpresa que supón para a Asociación de Veciños que non ve contemplada esta obra no orzamento municipal de 2008 foi unhas das razóns polo que promoveu esta iniciativa.

Esta é outra obra comprometida e de prioridade para a seguridade viaria dos veciños e da súa mobilidade.

Despois da reunión mantida entre a Asociación de Veciños de Pravio e Cela e os grupos municipais da oposición o pasado venres, 12 de setembro de 2008, todos os grupos municipais acordamos presentar de forma conxunta esta moción con base nos motivos expostos para someter á consideración e debate do Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º Executar de forma inmediata a finalización da obra do proxecto “Seguridade Viaria: andén peonil na estrada AC-214 entre PK 4+130 e PK 4+470 (Pravio)”.

2º Que o goberno local solicite á Xunta de Galicia con carácter urxente o permiso para realizar a senda peonil na estrada AC-214 entre PK 5+050 e PK 5+750 pola marxe esquerda en dirección a Cambre.

3º Que os técnicos municipais elaboren un proxecto con medidas mínimas dun metro de ancho para a senda peonil na estrada AC-214 entre PK 5+050 e PK 5+750, xa que consideramos que o terreo é suficiente.

4º Que se cree a partida orzamentaria necesaria para realizar a obra de senda peonil na estrada AC-214 entre PK 5+050 e PK 5+750 ou que se modifique a partida orzamentaria correspondente.

5º Unha vez reunidos os requisitos pertinentes no prazo de tempo máis breve posible, instar ao goberno local que inicie o expediente de contratación polo procedemento de urxencia da obra de senda peonil na estrada AC-214 entre PK 5+050 e PK 5+750, xa que esta obra representa seguridade viaria para os veciños que se desprazan diariamente de Pravio a Cambre e viceversa. E que o prazo de execución e remate da obra sexa entre seis ou nove meses como máximo.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, en calidade de voceiro suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o grupo socialista tamén ven frustrante que as beirarrúas aínda non estean feitas, pero que a burocracia da administración foi a que os levou a esta situación. En todo caso, di que fai 15 días que se adxudicou provisionalmente a obra, e que hoxe mesmo tivo lugar a adxudicación definitiva. Agardan que á maior brevidade comecen as obras. Entenden a frustración dos veciños, e que un ano é moito tempo, nese sentido piden desculpas, pero tamén queren indicar que a culpa foi de todo o procedemento burocrático que houbo que seguir para poder chegar ata aquí.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Salcines lle bota a culpa á burocracia, pero que el lla bota ás eleccións municipais, porque esas sendas peonís comezáronse un mes antes das eleccións e abandonáronse para comezar outras en Sigrás, tamén antes das eleccións. O problema foi que había unhas eleccións e que había que facer algo. Despois o problema eran os postes de Fenosa, que había que retirar, di que está falando das desculpas que se foron poñendo para ralentizar a execución da obra, e que fai catro meses a concelleira de Obras dixo no pleno que tardarían tres meses, iso foi fai catro meses, e non se fixo absolutamente nada.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que nesta mociónponse de manifesto, unha vez máis, a desidia e o abandono que o goberno do concello amosou ante os veciños de Pravio, que veñen sufrindo a carencia dunhas infraestruturas básicas para a súa seguridade viaria, di que é hora de que se faga xustiza cunha parroquia onde os veciños non contan cunhas mínimas infraestruturas para poder desprazarse pola estrada e para ir andando de Pravio a Cambre e viceversa. Están cansados de andar polas cunetas, non poden saír das súas casas, vese xente, sobre todo xente maior, que se priva de saír das casas porque non teñen sitio para andar. Os veciños están asistindo a un lamentable espectáculo que está causando unha forte crispación na parroquia, un descontento xeneralizado na cidadanía ao contemplar como a administración máis cercana

aos cidadáns ten un abandono total e non é capaz de darlle solución a un grave problema como é este. Por todo iso, di que o seu voto vai ser favorable á moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que están totalmente de acordo en que o pasado foi así. Se hai unha cousa clara dalgunhas das obras e dalgunhas das promesas e compromisos que tivo o goberno local é o exceso que ten acontecido coas beirarrúas de Pravio, sendo ademais un problema en que os veciños organizados na asociación e o conxunto das forzas políticas estiveron participando dende o principio en chegar a acordos e consensos co goberno municipal para que as levara adiante. Polo tanto o seu grupo súmase tamén ao lamento xeneralizado e á preocupación pola tardanza para facer todo iso, e agardan que sexa a última vez que todos os grupos políticos se teñen que poñer de acordo en definir o que ten que ser unha prioridade para o futuro. Esperan que sexa a última vez, e que a contratación do que queda por facer, que é bastante aínda, no tramo entre O Cruceiro e Catro Camiños, e a nova senda pola Castellana, sexan unha realidade e non teñan que volver a falar dentro dun ano outra vez do mesmo tema. Por todo iso van votar a prol.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que lle gustaría saber con cargo a que partida orzamentaria se vai facer esta obra, e engadir, porque antes non lle deixaron terminar, que eles tamén votan a prol da moción, porque por iso a están presentando.

O Sr. alcalde contesta que hai unha partida orzamentaria e que a teñen a súa disposición en Intervención.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG, EU-IU e PG respecto da xornada mundial polo traballo decente

A secretaria da corporación dá lectura á moción presentada por todos os grupos que compoñen a corporación municipal.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que eles están de acordo coa moción, pero pide que se inclúa a mención aos sindicatos de Galicia no apoio a esta xornada, porque iso é así, e ese mesmo día hai actuacións convocadas, non só por UGT e CCOO, senón tamén pola Confederación Intersindical Galega, e que polo tanto pide que se recolla.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o seu grupo tamén está de acordo, porque calquera persoa de ben ten que estar de acordo con iso. O que pasa é que, en certo modo, están volvendo a falar do mesmo, di que xa fai dous meses que se aprobou unha moción similar, aínda que probablemente non tan completa como esta, e eles estiveron de acordo naquel momento e seguen de acordo agora.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que eles tamén están de acordo, porque esta moción trata de apoiar aos traballadores/as, ás clases máis vulnerables da sociedade tendo en conta a crise que se aveciña.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, en calidade de voceiro suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que o partido socialista sempre estivo ao fronte de todo tipo de loitas para acadar maiores dereitos dos traballadores, e que polo tanto tamén están de acordo con esta moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a seguinte moción:

“A Declaración da Organización Internacional do Traballo – OIT- relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo, adoptada en 1998, obriga a respectar e promover entre todos os Estados membros da organización a liberdade de asociación e a liberdade sindical, o recoñecemento efectivo da negociación colectiva e o dereito de folga, a eliminación do traballo forzoso e infantil así como a eliminación de toda discriminación en materia de emprego.

A OIT introduciu en 1999 o concepto Traballo Decente como aquel que permite vivir dignamente, integrado por catro compoñentes – emprego, dereitos laborais, protección social e diálogo social-, sendo os catro necesarios para crear perspectivas de progreso social e desenvolvemento.

Por outro lado, os obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), baseados na Declaración do Milenio de Nacións Unidas (2000), que deben ser cumpridos antes do ano 2015, establecen, entre outras cuestións, a erradicación da pobreza extrema e a fame, a extensión do ensino privado universal, a redución da mortalidade infantil ou a promoción da igualdade entre os xéneros.

Así mesmo, e segundo diferentes órganos, axencias e programas de Nacións Unidas, a metade da forza laboral mundial gaña menos de 1,3 euros diarios; 12,3 millóns de persoas traballan en condicións de escravitude, 200 millóns de nenos menores de 15 anos traballan en lugar de ir á escola, e 2,2 millóns de persoas morren a causa de accidentes e enfermidades laborais cada ano.

Visto que nos países desenvolvidos incrementase a precariedade laboral, e que a Unión Europea encamiñase cara unha desregulación de normas sociais comunitarias.

Acórdase:

Primeiro: Mostrar o apoio á Xornada Mundial polo Traballo Decente, convocada para o 7 de outubro pola Confederación Sindical Internacional (CSI), da que forman parte as organizacións sindicais máis representativas de España e Galicia.

A tal efecto este pleno apoia e invita a participar aos cidadáns na manifestación a celebrar en Vigo o día sete de outubro ás 20:00 horas.

Segundo: Pedir ao goberno de España que promova o respecto ás Normas Fundamentais do Traballo, o Traballo Decente e Tráballe Activamente para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Terceiro: Trasladar esta moción aos interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración, á Oficina en España da Organización Internacional de Traballo e ás representacións en España da Comisión Europea e do Parlamento Europeo.”

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal popular para a mellora das instalacións educativas de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 11969 o día 20 de setembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“A situación na que se atopan as infraestruturas educativas do noso municipio é alarmante. Nas últimas semanas vimos como os pais do Graxal se manifestaban para reclamar que os seus fillos puideran acudir ao colexio que lles corresponde. Dende o Partido Popular de Cambre compartimos o malestar de todas esas familias que non entenden como é posible que nestes últimos catro anos, nos que os responsables da Consellería de Educación pertencían ao mesmo partido que o que goberna en Cambre, non se teñan posto de acordo para construír un colexio nun dos municipios con maior índice de natalidade da nosa comunidade autónoma. A obrigaón do goberno municipal era, simplemente, poñer a disposición da Xunta de Galicia un terreo onde construír un colexio. A obrigaón da Xunta, sacar a contratación as obras da súa construción. Transcorreron os catro anos da lexislatura e o único que nos atopamos é un acordo entre o alcalde e a conselleira para facer unha ampliación que só vai servir para posponer o problema. Cando as novas aulas poidan utilizarse xa estarán saturadas, polo que teremos que acudir de novo aos barracóns e ás recolocacións noutros colexios. Nin que dicir ten que esta ampliación non solucionará os problemas de comedor que existen neste e noutros colexios.

Nos últimos días, os pais dos 25 nenos de 3 anos que teñen que acudir a clase no Centro sociocultural do Graxal puxéronse en contacto co Partido Popular de Cambre para pedirnos que denunciemos neste pleno o estado no que os seus nenos están sendo educados. Pola súa parte anunciáronnos que empezarán a recoller sinaturas para esixir que os seu fillos sexan tratados en igualdade de condicións que os demais e que presentarán as súas solicitudes ante este concello e ante a Consellería de Educación.

Os pais denuncian que os seus fillos de 3 anos non poderán ir ao recreo cos demais nenos e incluso non poderán recibir algunhas materias cando chova, polo que deberán permanecer no centro sociocultural. Denuncian que no centro poden entrar, sen ningún tipo de control, persoas da rúa, xa que o centro está aberto ao público, ou que os seus nenos de 3 anos teñan

que ir ao aseo sós debido a que non hai un profesor de apoio nesa aula. Denuncian, entre outras, cousas tan simples como que os enchufes non teñan medidas de seguridade axeitadas á idade dos seus fillos, porque neste momento non as teñen.

Pero a maior reivindicación destes pais e que é a que defenderemos con maior rigor dende o Partido Popular de Cambre, é que os seus fillos teñan dereito a acudir a un centro escolar e non a unha aula habilitada nun centro social e que carece dos mínimos requisitos para poder ser considerada como un aula de infantil. Esta esixencia tan básica foilles negada pola inactividade do goberno municipal e do goberno da Xunta de Galicia nos últimos catro anos.

Estes problemas son só os que ocorren no Graxal. Pola súa parte, os pais dos nenos dos colexios de Portofaro, no Temple, e Wenceslao Fernández Flórez, en Cambre, manifestáronnos a súa indignación pola precaria situación do comedor escolar neses centros. No mellor dos casos, tiveron acceso a este servizo unha terceira parte dos que o solicitaron e moitas das solicitudes foron rexeitadas aínda cando cumprían os mesmos requisitos que outros que si foron admitidos. No caso dos nenos do colexio de Cambre a situación é, se cabe, máis lamentable. Os nenos de 3 ou 4 anos que foron rexeitados non pode saír do colexio ata as 2 e media da tarde e teñen que agardar no colexio sen comer mentres parte dos seus compañeiros están no comedor. Segundo o responsable de Educación do noso concello estes nenos de 3 e 4 anos teñen que agardar no colexio sen facer nada mentres outros nentos comen porque senón interrumpiríase a súa xornada. En moitos destes casos, finalmente, os nenos teñen que acudir ás 3 da tarde a comer a centros privados co conseguinte gasto para as súas familias.

O noso grupo denunciou publicamente nos últimos días a inaceptable deterioración do polideportivo do colexio “Torrente Ballester” de Sigrás. Os pais dos nenos dese colexio, especialmente os dos máis novos e igual que o fixeran os pais dos nenos do Graxal, aseguráronnos que comezaron a mobilizarse para esixir que se repare coa maior urxencia. Denuncian que o vento e a choiva entran no polideportivo debido ás numerosas goteiras e a que non está totalmente pechado, polo que os seus fillos non poden acudir a clases de educación física en inverno debido ao frío e á humidade. Tamén nos aseguraron que varios actos, como o entroido deste ano, tiveron que ser suspendidos debido a que a cuberta xa non protexe da choiva.

Este é o panorama, a grandes rasgos, que presentan os colexios do noso municipio. Transcorreron os anos e pouco a pouco fóronse deteriorando ou quedaron obsoletos sen que dende o noso concello nin dende a Consellería de Educación se teñan posto os medios

adecuados para solucionalo. A responsabilidade, a xuízo do noso grupo, débese exclusivamente á inactividade e inoperancia dos gobernos socialistas de Cambre e de Galicia. Pero á súa vez lamentamos profundamente que o Bloque Nacionalista Galego trate agora de aproveitarse da delicada situación pola que están atravesando os nenos do noso municipio, só para obter rédito electoral nas inminentes eleccións autonómicas. Lamentamos que en case catro anos de goberno na Xunta, o BNG non teña esixido que se incluíran nos orzamentos as partidas necesarias para facer fronte a estas carencias e que nos catro anos non que formou goberno co PSOE en Cambre non teña esixido que se puxera a disposición da Xunta de Galicia o terreo para a ampliación do colexio do Graxal II.

Por estes motivos, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro: Esixir á Consellería de Educación que inicie inmediatamente os trámites oportunos para construír un novo colexio no Graxal.

Segundo: Esixir á Consellería de Educación que inicie os trámites oportunos para a ampliación dos colexios “Portofaro” no Temple e “Wenceslao Fernández Flórez”, en Cambre, incluíndo en ambos casos a dotación dun maior número de prazas de comedor escolar.

Terceiro: Requirir á Consellería de Educación que acometa á maior brevidade as obras de reparación do polideportivo do colexio “Torrente Ballester” de Sigrás.

Cuarto: Instar ao goberno local a que atenda integramente as peticións formuladas polos pais dos nenos de 3 anos que teñen que recibir provisionalmente as súas clases na aula do centro sociocultural do Graxal.

Quinto: Instar ao equipo de goberno local a que inclúa unha partida específica nos vindeiros orzamentos municipais para a axuda de comedor aos pais dos nenos que se teñan quedado sen praza durante este curso nos colexios do noso municipio e que acrediten a imposibilidade de atendelos persoalmente.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que o seu grupo tamén presentou unha moción sobre a problemática educativa e solicita darlle lectura agora para facer un debate conxunto.

Aceptada a proposta do voceiro do BNG, fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, dáse lectura á seguinte moción:

D) Moción do grupo municipal do BNG para urxir a ampliación do CEIP do Graxal e para que o servizo de comedor cubra toda a demanda nos colexios de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 12069 o día 22 de setembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“O comezo deste curso 2008-2009 ten agudizado en Cambre os problemas de saturación e oferta insuficiente que se viñan detectando en anos anteriores. Ademais, ao problema do déficit de prazas escolares, engádeselle a dos servizos complementares como é o caso dos comedores escolares.

Foi no CEIP do Graxal onde estes problemas tiveron maior relevancia pero non é o único centro onde se producen. Catro dos cinco colexios de infantil e primaria do concello non contan con prazas suficientes para absorber a demanda dun poboación que sigue a medrar. A ampliación do Graxal só paliará parte do problema, que necesita ser abordado con tempo, con criterios de planificación e con decisión.

Por fin este verán foi asinado o convenio coa Consellaría de Educación para acometer as obras de ampliación no Graxal. O compromiso de comezo das obras neste mes de setembro foi recibido con esperanza desde Cambre. Non soluciona os problemas para este curso pero permite agardar que non se volvan repetir o curso que ven. Os retrasos na obtención da parcela por parte municipal son sobradamente coñecidos e os veciños saberannos valorar no seu momento pero, agora, cumpre dedicar todos os esforzos a que non se produza un só día máis de atraso no inicio da ampliación. E, nisto, toda a corporación municipal de Cambre debe mostrarse unánime.

Ademais disto o curso comeza cun importante número de familias que quedan sen opción de comedor nos distintos colexios, 150 nenos e nenas segundo os primeiros listados. Non é aceptábel un servizo de educación nestas alturas que non dea este servizo ou que exclúa a

familias que o precisan. As necesidades das familias traballadoras pasan porque existan medidas de conciliación que lles permitan compatibilizar traballo e familia. Comprobamos agora o acertado das medidas de impulso dos comedores escolares e dos programas de apertura de centros con almorzo, postos en marcha polo anterior goberno municipal. Pero vemos, tamén, que as decisións tomadas pola delegación de educación frustran as demandas das familias. É unha cuestión de decisión política e de sensibilidade coas demandas da sociedade. A orientación do gasto público en educación ten que ir na liña de favorecer a igualdade de oportunidades e, para isto, os comedores escolares son imprescindíbeis.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG de Cambre somete para a súa consideración e aprobación, ao Pleno do Concello de Cambre as seguintes propostas:

Primeiro: Instar á Consellería de Educación o comezo inmediato das obras de ampliación do CEIP do Graxal que garantan a súa plena operatividade no comezo do curso 2009-2010.

Segundo: Instar á Consellaría de Educación a resolver satisfactoriamente a demanda de prazas de comedor escolar nos centros do noso concello. A que resolva con urxencia para este curso o problema das familias que quedaron inicialmente sen o servizo, e que adopte as decisións necesarias que garantan que a situación non se volva a repetir no vindeiro curso.

Terceiro: Ofrecer toda a colaboración necesaria do Concello de Cambre dentro das súas competencias para axudar a resolver esta situación.”

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, manifesta que con respecto a todas as vaguidades que se comentaron, quere sinalar que respecto dos comedores escolares, todos os colexios teñen cubertas todas as demandas de comedor escolar dende que así o comunicou a Consellería o martes pola tarde, agás algún atraso que hai no colexio de Cambre. Parece que o atraso no colexio Wenceslao se debe a que é un sistema distinto de concesión, que leva directamente a Xunta, con cocina no propio colexio, e que están estudando a posibilidade da súa ampliación. Todo isto despois das xestións feitas por parte dos directores dos colexios e da propia Concellería de Educación.

Continúa dicindo que outro punto ao que se refería o PP, era á aula do centro sociocultural, respecto da que dicían que os nenos non poderían ir ao recreo cos demais nenos e que non poderían recibir algunhas materias. Non sabe por que vai ser así, porque este local foi solicitado polos propios pais o ano pasado, antes de que a Consellería adaptara uns módulos

para acollelos provisionalmente, di que o usaron o ano pasado nenos de 3 anos, que o están usando este ano. Non é certo que poidan entrar sen control persoas dende a rúa, porque a profesora que atende aos nenos pecha ela mesma a porta. O local está pechado e alí non entra ninguén. Se se refire a que se poidan usar por parte doutras persoas eses locais, alí só un día á semana entra unha persoa a traballar nunha das oficinas, nada máis. Con respecto a pedir un profesor de apoio para esa aula, non é unha competencia do concello, é competencia exclusiva da dirección do centro solicitalo á Consellería de Educación. De feito en todos os concellos con aulas de Educación Infantil teñen un profesor de apoio, a distribución dese profesor de apoio entre as distintas aulas corresponde á dirección do centro.

En canto ás medidas de seguridade, como os enchufes, evidentemente é un local cedido, pero os protectores están xa postos polo colexio, dende hai uns dous días.

Con respecto á ampliación do colexio, da que se fala nas dúas mocións, o xoves da semana pasada, faláron coa Consellería, co delegado e coa subdirectora xeral de construcións escolares, e tal e como se comunicou ás ANPAS, o proxecto está terminado, está enviado ao DOG para a súa publicación, e consideran que en 12 ou 15 días estará publicado no DOG. Solicítáronlles que enviaran unha copia do proxecto ao concello, para ver como ía ser a obra. A partir de que saia no DOG e se abra a licitación, seguirá os períodos de tempo normais nunha obra deste tipo. O que confirmou a Consellería e que en setembro eles terían a ampliación do colexio terminada.

Segue dicindo que, con respecto ao polideportivo, non existe tal polideportivo no colexio de Sigrás, di que é unha pista cuberta, que despois tivo un peche. Hai unha serie de deficiencias que afectan á cuberta, que como é de chapa metálica suda, o que ocasiona que haxa goteras. Os técnicos, en épocas pasadas, trataron de solucionalo abrindo unha aireación ao redor, pero non resultou e entra auga. Agora mesmo está en estudo a solución a eses problemas, e contan con que nun par de meses poidan ter xa uns orzamentos feitos e unha valoración do que se vai facer.

Con respecto á ampliación dos colexios, no Portofaro é imposible, xa que se trata dun colexio declarado Premio nacional de arquitectura, polo que non se pode tocar nin ampliar, o que si se ten en proxecto é a construción dun novo colexio entre Cambre e A Barcala, xa se están iniciando os trámites para a compra ou expropiación dos terreos na zona de Lendoiro, ao carón do campo de fútbol e club de tenis. É unha zona que é de equipamento, polo que non hai recualificación posible, e por tanto, estanse iniciando os estudos pertinentes para

lograr facerse cos terreos suficientes, un mínimo de 12.000 m². Iso desconxestionaría os colexios do Graxal, Portofaro e Cambre.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que dende o seu partido saben de sobra que a ampliación non vai solucionar os problemas, o que solicitan é a disposición dos novos terreos xa, que se concreten datas e que se poñan a disposición da Xunta para un novo colexio. A ampliación é insuficiente, polo que é unha esixencia total.

Con respecto ás prazas de comedor di que se é un problema que tiña tan fácil solución, non entende porque se permitiu manter a incerteza ata setembro, dos pais que tiñan que enviar aos nenos ao colexio, cando estaban inscritos dende xuño. Solucionouse unicamente porque se mobilizaron, e felicítaos porque parece que é a única maneira de que se consigan as cousas.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción que eles presentan, e en contra da moción que presenta o PP, porque di que ten un montón de incorreccións, entre outras, nas cuestións que propón, e na utilización de problemas que todos poder ver, pero aos que se lles ten que buscar solucións. Propoñen poñerse de acordo en facer unha cousa, apoiar unhas reivindicacións, defender a alternativa de que todos os servizos e prazas estean a disposición de todos os pais e que non quede ningunha familia fóra, pero di que ven que hai algunha posición que máis que revolver, o que lle interesa é que as cousas vaian mal, para que lles vaia ben a algúns outros.

Di que seguramente o PP non se acorda de quen foi o que iniciou o procedemento para obter a parcela anexa ao colexio para cedela á Consellería de Educación. Lamentan, como xa fixeron moitas veces, que quen tiña a obriga de poñela a disposición da Consellería non o fixera e tardara tanto. Di que o que hai que facer é urxir para que comece a obra dunha vez e que en setembro do ano que vén non volva a haber estes problemas. Non saben que asesoramento técnico pode ter o PP para propoñer cousas que son auténticas barbaridades, como é ampliar máis o colexio Wenceslao Fernández Flórez, ou o colexio Portofaro, co que se convertería nun colexio como é o de Arteixo de Ponte dos Brozos de máis de 1000 alumnos, unha cousa totalmente inmanexable e un auténtico monstro. O que hai que facer é buscar alternativas en positivo que solucionen os problemas para o día de mañá, e di que iso é o que fixeron dende o BNG. Eles chegaron a un acordo, e agardan que se cumpra, porque eles chegaron a ese acordo, pero outros son os que teñen a responsabilidade de xestionalo, de obter unha parcela para un novo colexio que aliviará moitas prazas do colexio Portofaro, e

iso xunto coa ampliación do Graxal, solucionará os problemas de escolarización no Temple, e solucionará tamén os problemas de escolarización en Cambre, porque non só hai problemas no Temple, senón que os hai en todos os colexios, porque se miran a ratio de alumnos que ten o colexio de Sigrás, verase que están xa no punto de saturación, e incluso este curso xa rexeitaron nenos que solicitaban ir a ese colexio. Di que hai que pensar un pouco no futuro e pensar, sobre todo, en que dentro dun ano ou dous, non volvan estar discutindo as mesmas cousas. Di que quen tivo a responsabilidade de xestionar estas cousas, e quen a ten durante esta lexislatura, é o goberno, eles lamentan que non tiveran a dilixencia suficiente para que as cousas se tiveran solucionado antes, pero en todo caso, quen lle deu o seu aval a este goberno e ao alcalde no comezo da lexislatura non foi o BNG, senón que foi o PP, eles saberán como tardaron tanto tempo en darse conta de que non funcionaba.

Continúa dicindo que levan varios meses tratando os temas de Educación, e os temas das prazas, e volven a insistir nunha cuestión que dixeron xa dende o primeiro día, a eles o que lles parece imposible é solucionar todas as cousas e todos os problemas, sobre todo pola falta de planificación que se arrastra, e comprenden que as solucións non poden ser para mañá, pero lamentan, unha vez máis, que non houbera a firmeza suficiente por parte do goberno municipal, e o adiamento suficiente e as previsións suficientes para que estes problemas estiveran solucionados no seu debido momento. Di que o mesmo que se completou a oferta do mañanceiro, puido facerse o mesmo co servizo de comedores, e aí parécelles que houbo unha falta de firmeza, unha falta de rigor, e unha falta de ter as cousas claras por parte do goberno para enfrontar as cousas no seu momento. Di que no punto no que están hai que felicitar-se porque, por fin, grazas á presión das familias, á presión política dalgúns grupos e tamén á presión que se fixo dende o goberno, en última instancia, a Consellería de Educación deu marcha atrás e ofreceu prazas de comedor en todos os colexios. Eles queren que se vote a súa moción para esixir que esa solución se dea tamén no colexio de Cambre, e o que botaron en falta foi que todo ese traballo, e ese esforzo quen o tiña que liderar era o goberno municipal e debeu facelo, porque ademais tivo o ofrecemento por parte deles, e por parte das demais forzas políticas, de respaldar as accións de goberno en todo momento, iso non o fixo e tiveron que chegar a esa situación de incerteza. En todo caso di que no tema das prazas de comedor hai que felicitar-se de que se arranxara, aínda que fose tarde, e que nos outros temas hai que instar á Consellería para que solucione o tema da ampliación e que en setembro do ano que vén estea o problema solucionado. Pensa que desa maneira cumprirán co deber que teñen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que para o seu grupo é evidente que os gobernos municipais teñen que ter unha escala de preferencias,

sobre todo nos seus investimentos, en función das necesidades dos cidadáns. Di que o tema que están tratando é da suficiente envergadura como para telo previsto coa suficiente antelación, conciencia e dedicación que se merece, porque se está a falar da educación dos nenos e nenas de Cambre. É unha cuestión que debería ser a máxima preferencia para calquera goberno municipal que teña unha mínima sensibilidade ante este tipo de problemas. Coincide o seu grupo en que non existiu previsión en canto aos problemas derivados do aumento de poboación no concello, e por conseguinte respecto da creación de prazas escolares e mellora de infraestruturas nos centros de ensino. Quere lembrar e reprochar ao mesmo tempo ao goberno municipal que a urxencia da planificación prexudique á calidade da ensinanza, como tamén a ausencia de previsión xenera a perda de espazos comúns nos centros de ensino, masificando as aulas.

Continúa dicindo que moitos destes problemas poderían estar resoltos, ou polo menos, ter un estudo real das necesidades, se no concello funcionara o Consello Escolar Municipal, como un órgano de participación e encontro en materia educativa diante dos problemas que van xurdindo, como é o caso do desamparo que están a sufrir os nenos e nenas e os pais de Cambre, que non poden estar escolarizados cerca dos seus domicilios, nas mellores condicións, para o desenvolvemento das súas actividades, nin dispoñer de prazas nos comedores. Di que o seu grupo vai votar a prol da moción presentada polo BNG, e que comparten a sensibilidade do Partido Popular na moción que presentaron, pero que non poden compartir a idea de que se amplíe o colexio de Cambre, porque todos saben que a última vez que se fixo unha ampliación xa houbo problemas ao estar preto dun castro, o que fai que a Xunta non permita a súa ampliación. Reitera que comparten totalmente a sensibilidade do Partido Popular e que votarán a prol de todas as mocións que teñan por obxectivo mellorar a calidade do ensino no concello.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, manifesta que o que hai que facer é traballar en serio. Respecto das manifestacións do voceiro do BNG, di que eles están aquí para trasladar as necesidades dun grupo de veciños, con vontade de que se arranxe, que non lles importa que o BNG non vaia votar a prol da súa moción, e que aínda que non sexa aprobada, eles van votar a prol da moción do Bloque, porque o que están intentando é que o problema se solucione, están pensando nos intereses xerais, non nos do grupo municipal popular. Quere dicir que hai que parar xa con tanta felicitación por unhas cousas e outras, porque non hai ningún motivo para facelo, todo o contrario, deberían estar algo avergonzados.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PP, votan a prol

os sete concelleiros do PP, votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal popular.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do BNG, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o BNG presentou dúas mocións máis a este pleno, di que respecto dunha delas non comparten a urxencia, pero que si a comparten respecto da outra, xa que está a información pública, ata o 15 de novembro, o Plan de Estradas de Galicia, e a moción presentada ten que ver co tema do transporte da área metropolitana e da comarca en xeral.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo retira a moción relativa á modificación da taxa fiscal pola subministración da auga, pero que dado que consta como presentada, agardan que o concelleiro de Facenda tome nota para que se poida ter en conta cando toque o tema da modificación das ordenanzas fiscais.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

E) Moción do grupo municipal do BNG sobre os graves problemas do transporte na comarca coruñesa

Rexistrada de entrada ao núm. 12069 o día 22 de setembro de 2008, o voceiro do BNG dálle lectura.

Toma a palabra o Sr. alcalde para informar aos voceiros que teñen no concello un borrador do Plan de Estradas, en información pública ata o 15 de novembro, e sen prexuízo de que calquera dos grupos o poida consultar, poderían fixar unha reunión cos técnicos para velo.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, en calidade de voceiro suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que, a xuízo do seu grupo, toda a comarca da Coruña leva anos, e incluso décadas, marxinada en canto a gasto público, e que se senten bastante insatisfeitos polos investimentos que ten habido por parte dos gobernos autonómicos ata agora, e aínda que comezan a notar un pequeno cambio en canto a investimentos públicos, saben que aínda non é suficiente. Di que un dos temas que máis lles preocupa é o tema do transporte metropolitano. Teñen claro que a cidade está colapsada, que as vías de comunicación son insuficientes, e que nalgúns temas a comarca se asemella máis a un país en vías de desenvolvemento que non á oitava economía que son no mundo. Por todo iso, di que todas as propostas que veñan, de calquera partido político, que entren na liña de mellorar o transporte metropolitano, que é moi deficiente, serán apoiadas polo seu grupo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai apoiar sempre todas as melloras que se propoñan, tanto para a área metropolitana como sobre todo para Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar esta moción, pero que lle pide ao BNG a inclusión de tres puntos que consideran deben figurar pola súa importancia para o transporte e comunicación da área metropolitana. En primeiro lugar, a conexión dende o colexio Portofaro coa autoestrada AP-9. En segundo lugar, a construción de apeadeiros en Guísamo, A Barcala, Acea da Má, Fonteculler, As Xubias e Os Castros. E, en terceiro lugar, suprimir os pasos a nivel existentes, e implantar sistemas que impidan a invasión da vía férrea.

O Sr. alcalde informa que a primeira das peticións xa está incluída no Plan de Estradas, pero que non hai problema en poñelo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que non hai problema en aceptar iso, pero que a cuestión é que a moción non vai polo tema das infraestruturas de estrada, senón que precisamente vai no sentido contrario, é dicir, que non só coas infraestruturas en estradas se vai solucionar o problema de mobilidade que hai na área. Precisamente vai no sentido de dicir que, ademais diso, senón se fai unha aposta seria polo transporte público (ferrocarril, ría, sendeiros, etc), non vai servir para nada porque non

chegarán a ser a solución. Di que o único que están facendo é pasar os problemas a outros sitios, como foron vendo na evolución das estradas.

Conclúe dicindo que están plenamente de acordo coas cuestións formuladas polo voceiro de EU-IU, pero que non é o obxecto exacto da moción. Todas esas conexións hai que facelas, e ademais xa están incluídas no Plan viario comarcal dende hai anos, e agora no Plan director da Xunta, pero para solucionar os problemas de mobilidade o que hai que facer é unha aposta sería polo transporte público, e ese é o obxecto fundamental da moción presentada.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que o tema dos apeadeiros é un tema que se pode incluír perfectamente porque vai dirixido a solucionar un pouco a saturación que existe nestes momentos, e o tema do enlace da autoestrada co colexio Portofaro vai tamén dirixido a desconxestionar a estrada de Cambre, e pensa que contribuiría bastante a facelo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa está incluído no Plan director, pero que se vai supoñer o voto a prol de EU-IU, non teñen inconveniente en incluílo.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do BNG, coas propostas efectuadas polo grupo municipal de EU-IU, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a seguinte moción:

“Moitos son os problemas de mobilidade e accesibilidade na área metropolitana da Coruña. A construción de novas estradas só corraxirá unha parte. Desde o BNG entendemos que os problemas de mobilidade só se resolverán cando se cumpran varias condicións: o día no que se rematen as infraestruturas proxectadas, cando se aprobe unha planificación urbanística coordinada e, por suposto, coa aprobación dun Plano director de transporte público.

Facermos unha aposta polo transporte público é fundamental se queremos pórle fin ao problema. Apostarmos por liñas de autobuses con unidades e frecuencias axeitadas, pola construción de enlaces intermodais, polo transporte de proximidade aproveitando e mellorando os camiños de ferro existentes, pola posta en funcionamento de aparcadoiros disuasorios nas conexións das grandes vías de comunicación e nas estacións intermodais....

Todo isto suporá a mellora da mobilidade pero, tamén, o avance na calidade de vida da nosa poboación.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do pleno da corporación municipal para a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Solicitar á Xunta de Galicia:

Na liña de chegar á constitución da Área Metropolitana da Coruña, con entidade xurídico-política e, con competencias en transporte e mobilidade

A colaboración cos municipios da comarca para a creación inmediata dun ente metropolitano de transporte que actúe na perspectiva de crear un sistema de transporte metropolitano que contemple entre outros:

- A implantación de liñas de transporte metropolitano por estrada con billete único.
- A posta en funcionamento do transporte marítimo pola ría, interconectada cos demais sistemas de transporte
- A interconexión do ferrocarril e do autobús.
- A planificación do Carril Bus e de taxi na Área Metropolitana da Coruña.
- A conexión dos paseos marítimos e a potenciación do uso da bicicleta.
- A eliminación da portaxe na AG-55 entre A Coruña e Arteixo.
- A creación de aparcadoiros nas áreas de descanso das autoestradas e nos apeadoiros do tren, na conexión da Vía Ártabra coa AP-9, na conexión da A-6 coa 3ª Rolda e co polígono de Ledoño, entre outros.
- A conexión dende o colexio Portofaro coa autoestrada AP-9.
- A construción de apeadoiros en Guísamo, A Barcala, Acea da Má, Fonteculler, As Xubias e Os Castros.
- Suprimir os pasos a nivel existentes, e implantar sistemas que impidan a invasión da vía férrea.

Segundo: Solicitar do Goberno español:

- A execución dunha Estación intermodal na Coruña.
- O establecemento inmediato de servizos ferroviarios de proximidade entre A Coruña-Betanzos-Ferrol e A Coruña-Betanzos-Oza dos Ríos.

- A implantación de novas frecuencias na liña ferroviaria A Coruña-Santiago adaptados ás necesidades das persoas usuarias.
- A eliminación da portaxe na AP-9 entre Guísamo e A Coruña.”

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

F) Moción do grupo municipal de EU-IU para introducir nos pregos de contratación para as empresas que subcontraten servizos no concello, unha cláusula que garantice un salario mínimo de mil euros mensuais

Rexistrada de entrada ao núm. 11971 o día 20 de setembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Existe a responsabilidade dos poderes públicos de garantir unhas condicións de vida dignas aos cidadáns. Unhas condicións de vida que radican, nunha boa parte da súa esencia, na garantía dunhas condicións laborais e unha capacidade adquisitiva que permita, non só a mera subsistencia senón a posibilidade de desenvolvemento dun proxecto vital.

No actual momento, existen colectivos sociais que dadas as súas difíciles condicións económicas, están nun réxime de subsistencia con situacións alarmantes tendo en conta o incremento xeneralizado dos prezos dos produtos básicos, como a vivenda e en definitiva cunha crise económica que afectará en primeiro lugar a estes colectivos máis vulnerables.

Pero dentro deste sector tamén existen diferenzas, os chamados *mileuristas* que foron cualificados socialmente como persoas con dificultades económicas, sitúanse nun posto por encima doutros traballadores que non se achegan a esa cantidade e cuxa situación resulta cando menos preocupante.

Neste sentido, o Concello de Cambre, dentro do ámbito das súas competencias, non pode permitir que existan traballadores cuxas retribucións laborais estean por baixo deses niveis económicos, como actualmente sucede en servizos externalizados e en empresas que contratan co concello para a prestación de servizos públicos correspondentes ao consistorio. Así, a ausencia de límites de salarios mínimos nos pregos de condicións das contratas municipais fai que as empresas compitan nas súas ofertas económicas rebaixando ou mantendo na miseria as condicións económicas dos seus traballadores, producíndose ademais unhas diferenzas económicas moi acentuadas entre persoas que desempeñan

traballos equivalentes para o concello pero dependentes da empresa concesionaria do persoal propio do consistorio.

Por iso, é preciso que o Concello de Cambre introduza cláusulas de salvagarda social en todos os pregos de contratos coa administración, de forma que ningunha empresa que opte a eses concursos poida facelo retribuindo aos seus traballadores/as menos de mil euros brutos ao mes.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: O Concello de Cambre incluírá en todo tipo de contratos públicos, pregos de condicións de concursos ou instrumentos equivalentes, a garantía de remuneración mínima de 14.000 euros brutos anuais para os traballadores que, desempeñando as actividades contidas en contratos, concurso ou instrumento similar, dependan da empresa ou entidade que opta a ela.

Segundo: O Concello de Cambre procurará con todos os medios ao seu alcance, que as contratadas en vigor de servizos públicos externalizados, inclúan a garantía de remuneración mínima de 14.000 euros brutos anuais para os traballadores que, desempeñando as actividades contidas en contratos, dependan da empresa ou entidade que a presta.”

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que nese mesmo día o seu grupo, e supón que todos os demais grupos municipais, recibiu un informe da Secretaría municipal en contra do contido da moción, por iso vai pedir que quede sen tratar, e que nun prazo breve, un ou dous meses, polos servizos xurídicos do concello, ou Secretaría, se elabore outro informe despois de contactar con concellos que si inclúen nas súas bases o solicitado nesta moción, como por exemplo, Zaragoza, Alcantarilla, Alcañiz, Andorra, Huesca, Tarazona, As Rozas, Toledo, Cuenca, Mallorca e Cieza.

Continúa dicindo que non queren botar por terra o informe de Secretaría, que lles parece moi elaborado, pero que lles parece que os servizos xurídicos do concello se teñen que poñer en contacto con eses outros concellos para poder elaborar outro informe que sexa máis completo, e comprobar como se vai aplicar esa cláusula nos contratos dos concellos. Pensan que se trata dunha proposta moi novedosa e que non é ilegal.

4º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1690, de 27 de agosto de 2008, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Francisco Javier Varela Tejedor dende o próximo día 1 ao 23 de setembro de 2008, a partir do cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1754, de 19 de setembro de 2008, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Dar a conformidade municipal ao custo de explotación das liñas de interese municipal de Cambre presentado pola concesionaria A.S.I.C.A., S.A., e que ascenden as cantidades de 77.452,68 euros para 2007 e 81.325,31 para 2008, ao que engadindo un 7% do IVE, resulta un total de 82.874,37 euros para 2007 e 87.018,09 para 2008. Estes novos importes serán tidos en conta aos efectos do cómputo do déficit de explotación a asumir polo Concello de Cambre, de acordo coa cláusula II.3 Cobertura de déficits do anexo V do convenio para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia.

Segundo: Dar traslado desta resolución á Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia e á empresa A.S.I.C.A., S.A., concesionario destas liñas de interese municipal.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Municipal.”

5º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11968 o día 20 de setembro de 2008.

1º O Partido Popular de Cambre tivo coñecemento de que no concello existen máis de 100 expedientes de solicitude de licenza de inicio de actividade sen resolver. Algunhas das licenzas acumulan, incluso, un atraso de máis de seis anos. Esta situación, como resulta evidente, prexudica gravemente os intereses das empresas e dos traballadores de Cambre, pero merma tamén de xeito importante os ingresos do noso concello. Esta situación é un claro exemplo da manifesta incompetencia dos xestores do noso municipio para cumprir coas súas obrigas máis elementais. Por este motivo rogamos ao equipo de goberno que fixe nos orzamentos municipais do ano 2009 unha partida específica para solucionar este problema.

Don José Venancio Salcines Cristal, en calidade de voceiro suplente do PSdeG-PSOE contesta que a raíz desta pregunta solicitaron un informe ao departamento. Di que tal e como se formula a pregunta dá a impresión de que o empresario presentou toda a documentación en regra, e que o único que falta é o visto e prace do funcionario, pero que iso non é así. O motivo de que as licenzas estean sen conceder non é porque o funcionario estea ocioso ou sexa inefectivo. Son 262 as actividades que están sen licenza, das cales hai 75 expedientes pendentes de presentar o fin de obra para obter a licenza de apertura, hai 134 pendentes de documentación requirida por Servizos, 30 pendentes de documentación urbanística, 18 de documentación administrativa, 3 de medio ambiente e 2 de sanidade. Iso significa que se dende o concello se actuase con excesivo celo, se estarían xerando moitísimos problemas aos empresarios de Cambre. Dende o concello agardan que os empresarios cumpran coa documentación pendente de traer, se se aplicase un celo excesivo o que se provocaría son peches de negocios, e non está no seu ánimo, nin é o seu obxectivo, pechar ningún negocio de Cambre porque falte un ou dous documentos por traer para dar a licenza de actividade.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que non se esperaba outra resposta, e por iso amosa un proxecto de construción dunha nave, con catro portais de acceso, catro oficinas, catro contadores de luz. Di que se concede licenza de obra pero que se alguén compra esa nave e solicita licenza de actividade, se lle denega por incumprimento urbanístico. É dicir, se lle concede licenza de obra e denégase a licenza de actividade por incumprimento urbanístico, e que así hai 50 empresas.

Continúa dicindo que o Partido Popular de Cambre en ningún momento fai referencia ás empresas, está falando do concello. Di que tanto o Sr. Salcines como o Sr. alcalde nas comisións informativas de setembro do ano pasado dixeron, en concreto o Sr. alcalde dixo que: *“En canto ao resto das actividades, continúa dicindo que todos saben que hai un departamento que está saturado, onde os funcionarios teñen varias funcións que desempeñar”* e engade o Sr. alcalde que: *“agarda que nuns meses o sistema de traballo*

cambie, sendo conscientes dos problemas que existen na actualidade.”. Di que iso foi o que dixo o Sr. alcalde fai un ano, e que agora a situación é peor.

O Sr. alcalde expón que do que están a falar é de expedientes nos que faltan documentos por traer, por presentar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que en Cambre está o único polígono industrial de España onde non se poden segregar naves. Di que a normativa non di explicitamente que se poidan segregar, pero tampouco que non se poidan, o mesmo que no resto de España, só que en Cambre, por unha razón que descoñecen, aplícase a lei da forma máis dañina para os veciños, e que iso xa o faloron en anteriores ocasións, e que se no resto de España se aplica a lei dunha forma, en Cambre, que non é un concello illado, deberíase aplicar da mesma forma.

Segue dicindo que ten a certeza de expedientes que se presentaron no ano 2000 e que non tiveron resposta dende o concello, e que o Sr. alcalde é alcalde dende fai trinta anos, polo que non se pode amparar nunha situación herdada, é unha situación que eles xeraron. Sinala que no pleno de hoxe hai unha representación de empresarios do Temple, que ían ser 70, ao final hai 15, e a razón diso é que hai moitos que non teñen licenza de actividade, e que non a teñen non porque sexan actividades molestas ou insalubres. Di que pensa que dende o concello queren fomentar que as empresas non teñan licenza e que ninguén se mova, e que cando alguén se move e ten licenza, entón invéntanse expedientes fantasma.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal expón que el non é a persoa que leva ese departamento, e que a información da que dispón é a que lle deron, pero dille ao Sr. Cubeiro que se pensa que iso é o que ocorre o que ten que facer é indicalo de modo preciso. Calquera tipo de incidencia que atope en canto ao funcionamento dos servizos técnicos, debe dicírllelo de modo preciso, porque se hai calquera tipo de irregularidade, eles van a investigala e perseguila, xa que, se hai algo incorrecto, os primeiros interesados en perseguilo vai ser o equipo de goberno. Pídelle que identifique os casos concretos, porque van estar agradecidos de calquera información.

O Sr. Cubeiro Martínez responde que é evidente que non teñen resposta e que este tema xa se trouxo o ano pasado ás comisións informativas, e o Sr. alcalde xa o sabe dende moito antes. En concreto no ano 2000, dende a comunidade de propietarios do Espírito Santo, se lle dixo que era o momento de actuar porque o tema se lles estaba indo das mans.

2º Varios voluntarios amosáronnos o seu malestar pola situación na que se atopa o voluntariado de Cambre. Esta situación, denunciada no seu momento por outro grupo desta corporación, está lonxe de solucionarse. Por este motivo e ante a falta de iniciativa dos responsables municipais, rogamos ao equipo de goberno que nos informe da causa dos problemas que existen na organización e as medidas que se teñen pensado adoptar para solucionarlos.

Dona Carmen Tato Lago, concelleira de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, responde que o Programa municipal de voluntariado continúa funcionando con normalidade, e que o Departamento de Servizos Sociais non ten recibido ningún escrito no que se reflectan problemas na organización. Di que si quere facer constar que non teñen un técnico que se dedique especificamente ao tema do voluntario, dado que o único que se atopa previsto no cadro de persoal, está dando servizo a máis de 23.000 habitantes. Antes da aprobación dos orzamentos solicitou persoal para Asuntos Sociais, pero non lle enviaron a ninguén. Pero si pode dicir respecto do Programa municipal de voluntariado, que aínda esta semana, as chamadas que tiveron, e os servizos que se solicitaron, foron atendidos por voluntarios sen ningún tipo de problema, e que o vindeiro domingo van voluntarios a unha excursión que se organizou coa terceira idade. Di que hai un equipo de 60 persoas, e que non lles consta ningún escrito, nin nada de nada. Agarda que nos vindeiros orzamentos se dote de persoal aos Servizos Sociais, porque fai moita falta.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que eles queren transmitir as queixas que lles deron persoas do voluntariado, que están moi descontentas co trato recibido. Di que si o que realmente fai falta é un técnico, entón debe de poñerse, porque o traballo que están facendo esas persoas sen cobrar nada, nin pedir nada a cambio, lóxicamente o trato que reciban ten que ser moi esmerado, porque se merecen todo e máis. Se se tivese que facer unha equivalencia en diñeiro do seu traballo, supón que valería bastante máis que todo o que pode valer un técnico en Cambre.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe das xestións realizadas ata o momento para lograr a implantación do tren de proximidade na nosa comarca.

Don José Venancio Salcines Cristal, en calidade de voceiro suplente do PSdeG-PSOE, contesta que dende o goberno informaron desta situación á Ministra de Fomento, á Directora Xeral de Transporte, ao Director Xeral de Ferrocarrís e ao presidente da entidade pública empresarial “Red Nacional de Ferrocarriles Españoles” de RENFE.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se xa recibiron algunha contestación sobre se van facer algún estudo, ou se van poñer algunha proba de trens lanzadeira.

O Sr. alcalde responde que de momento non.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12068 o día 22 de setembro de 2008.

1º O grupo municipal do BNG de Cambre insta ao goberno local e ao alcalde para que se dirixa á Deputación Provincial co fin de que se inicie a expropiación dos terreos necesarios para a correcta execución das beirarrúas entre a ponte das Insuas e o IES de Sigrás.

O Sr. alcalde contesta que están en contacto e que esta mesma semana sairá a carta para a Deputación, non só diso senón tamén para ver se son capaces de tirar o chabolo que hai na estrada de Cambre ao Temple.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11971 o día 20 de setembro de 2008.

1º O Consello Escolar Municipal é un órgano de participación cidadá que se creou neste concello fai bastante tempo, para a necesaria comunicación e asesoramento coa comunidade escolar de Cambre co obxecto de facer unha política educativa impulsada dende os propios usuarios. Os últimos acontecementos xurdidos nos centros de ensino do concello, recomentan cando menos, poñer en funcionamento este órgano co fin de evitar os problemas que se están derivando da escaseza de prazas escolares, déficit de prazas nos comedores escolares, construción de infraestruturas deportivas, etc., etc.

O grupo municipal de EU-IU prega aos responsables do goberno realicen, na maior brevidade posible, as xestións necesarias para a posta en funcionamento deste órgano, co obxectivo común de corrixir e mellorar ao máximo o sistema público de ensino e de creación de ferramentas que eviten situacións de incertidume e desamparo que vivimos nos últimos tempos.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que efectivamente é un órgano que está creado, pero que leva anos sen funcionar, polo que

van a poñelo ao día. Di que hai persoas que figuran como vogais e que agora hai que actualizar eses datos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como se di no rogo o que queren é que se poña o máis rápido posible en funcionamento porque están a incumprir unha normativa da Xunta nese sentido.

2º No colexio Portofaro producíronse certas irregularidades no proceso de admisión de alumnos de cara a gozar de praza de comedor escolar para este curso.

Esta situación foi denunciada a través da ANPA presentando as correspondentes alegacións, que unha vez admitidas polo consello escolar do centro provocaron a modificación do dito proceso.

O lamentable de todo isto é que o máximo responsable deste centro, e o que é máis importante, o máximo responsable da área de Educación no Concello de Cambre, non se decatara no seu momento ou inmediatamente sendo incapaz de detectar as ditas irregularidades (recordemos non foi un erro foron tres no mesmo proceso) e solucionarlas antes de expoñer publicamente as listas de admitidos no dito servizo.

Para EU-IU esta situación entendémola como grave, primeiro polo prexuízo que carrou ás familias implicadas no dito proceso, e segundo, pola falta de dilixencia do responsable de Educación á hora de controlar os procesos selectivos nos centros escolares.

Ante isto o noso grupo municipal prega:

Que o responsable da área de Educación, aclare e dea publicamente explicacións, de como desenvolveu o dito proceso, as causas que provocaron a irregularidade na adxudicación das prazas, así coma outras circunstancias que se deron durante a exposición da lista de admitidos como foron a publicación incorrecta das listas, ou non informar da existencia do período de alegacións, etc., e por último, que medidas se van a adoptar co fin de que non volvan a darse situacións ou casos como este.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que están falando de irregularidades e que non houbo tal. Houbo uns erros nas listas por parte da persoa que fixo o listado. Na admisión de comedores, segundo a Orde que saíu publicada no DOG, o primeiro punto referíase aos alumnos que dispuxeron de praza de comedor no ano anterior. Cando se colleu a lista do ano anterior, había tres rapaces que o

ano pasado tiñan renunciado ao comedor. A persoa que fixo a lista cometeu o erro de non incluílos. Iso, xunto co resto das solicitudes admitidas foi ao consello escolar, pero ninguén se deu conta do erro. Dous días despois detectouse por parte dun membro da ANPA, e houbo que esperar o prazo de cinco días que había para reclamacións para subsanalo. Ante isto, a súa resposta foi pedirlle á persoa que detectou o erro que fixese unha reclamación dende a ANPA, para que figurase no seguinte consello escolar e se puidera rectificar o erro.

Continúa dicindo que, respecto do que di o rogo de que non se informou ás familias do período de reclamación, cando se fixo a solicitude de prazas no mes de xuño, xa se informou de que despois da publicación das listas había un prazo de cinco días para reclamar. Iso estivo exposto durante os 15 ou 17 días que durou o prazo de solicitude de prazas. Non foi ningunha irregularidade, nin nada premeditado, senón que houbo un erro á hora de facer os listados.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que a el lle gustaría crer que iso foi un erro, pero que lamentablemente trátase dunha situación un tanto complicada e onde un erro ou un pequeno despiste se pode converter nun problema real, como ocorre neste caso coas familias que en principio quedaron fóra dunhas prazas ás que tiñan dereito. Todo iso contribúe a crispar máis o ambiente, e pensa que o Sr. concelleiro de Educación, non só como director, senón como máximo responsable da área, debe poñer todo o posible, e máis, para evitar eses erros, que para as persoas que os sufren poden ser angustiosos, ou unha situación moi desagradable. Debe intentarse que non volva pasar.

O Sr. López Lisnier reitera que foi un erro e que, dende logo, agardan que non volva pasar, pero que o proceso de selección non o fai unha persoa soa ou dúas, senón que o fai un consello escolar onde ademais dos profesores e equipo directivo hai ANPAS e pais, polo que se no seu momento se tivera detectado entre todos, teríase subsanado.

3º En recentes declaracións aos medios de comunicación, por parte da concelleira delegada de Cultura e Turismo, lamentaba que o recinto do Campo da Feira para a celebración do festival de rock “*Se nos queda pequeno*”, anunciando que o goberno local xa tiña estudado a posibilidade de acondicionar outro lugar para a celebración de todo tipo de feiras. Pode informarnos a responsable de Cultura a que lugar se refería nas súas declaracións.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, contesta que houbo un erro. Non se refería só ao festival de rock, non é que quede pequeno o Campo da Feira, senón que ao que se refería é a que ese non é o lugar máis adecuado para ese tipo de eventos, sexa o

festival de rock, sexa a feira, ou sexan as festas. O que quixo expresar é que nun futuro se tratará de ter un lugar máis adecuado para este tipo de eventos. Non estaba pensando en ningún lugar en concreto, senón que se decidirá non futuro entre todos os membros da corporación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que vai admitir que foi un erro, pero que na prensa poñía especificamente que a responsable de Cultura e membros do goberno xa tiñan pensado outro lugar para celebrar este tipo de eventos. En todo caso, coincide coa Sra. concelleira en dicir que non é que o Campo da Feira quede pequeno, porque este ano no festival de rock sobrou a metade do campo. Habería que potenciar un pouco máis ese festival porque senón vai sobrar ata o adro da igrexa.

Dona Erundina Prado Arcay responde que non dixo que quedara pequeno, senón que o que dixo foi que non era o lugar adecuado para ese tipo de eventos, esa foi a súa resposta, sen prexuízo de que os xornalistas puidesen poñer outra cousa.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11967 o día 20 de setembro de 2008.

1ª Cal é o motivo da paralización das obras da estrada que une Fraís, en Cecebre, con Espíritu Santo?

O Sr. alcalde contesta que esa mañá estiveron falando co enxeñeiro que leva a obra da Deputación e que hai dous problemas. Na estrada vella o cambio duns postes de Telefónica, que están na estrada, e na nova apertura houbo un erro nos metros dun tramo que se expropiou, e están intentando solucionalo. Segundo o enxeñeiro pensan que a semana que vén pode estar solucionado.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, sinala que a estrada é perigosa tal e como está, e que con independencia de que haxa un erro na expropiación, o tramo da estrada vella que se está mellorando debería estar en obras e non paralizado, porque está máis perigoso agora que antes, di que hai un tramo onde hai postes, pero que hai outro onde non os hai e está moi perigoso pola falta de firme.

2ª As obras de instalación da rede de sumidoiros na parroquia de Anceis están paralizadas dende hai tempo. Non obstante, moitos veciños instalaron sistemas de bombeo particulares e

engancharon no treito que xa está terminado, polo que as fecais destas casas están saíndo incontroladamente á superficie na zona da ponte da Rocha. Ten o equipo de goberno coñecemento desta situación? Tomaron algunha decisión ao respecto? Cando se ten previsto que os veciños desta parroquia poidan acceder ao servizo da rede de sumidoiros con normalidade?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que técnicos municipais revisaron a zona e non detectaron ningún vertido. Di que se deu licenza de acometida aos veciños, pero non para verter, porque a obra aínda non está recepcionada. Non teñen constancia da saída incontrolada de fecais porque esa zona vai por gravidade, e vai á rede xeral de Cambre, ao colector existente ao outro lado da ponte da Rocha, polo que non se verte incontroladamente.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se, entón, están enganchados algúns veciños e outros non.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se lles deu licenza para facer a obra, pero non para verter, porque a obra non está aínda recepcionada. En caso de que os veciños estiveran vertendo se lles advertirá e se deterá, porque a obra non está aínda recepcionada.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, sinala que basta darse un paseo pola ponte da Rocha para advertir o cheiro.

Dona M^a Beatriz Ramos reitera que os técnicos municipais non advertiron ningún vertido na zona e dille ao Sr. concelleiro do PP que lle agradecería que acompañase a eses técnicos para ver o problema.

3^a Transcorridos máis de dous meses dende que un bando do alcalde anunciaba que a Costa da Tapia estaría curtada menos dun mes. Cal é o motivo de que non se teña finalizado a obra ata este momento?

O Sr. alcalde contesta que o colector da rede de sumidoiros sufriu algúns problemas. Non vai un mes aínda desde que se curtou, e ademais decidiuse que seguira funcionando por un carril. As obras van un pouco máis lentas, sobre todo por seguridade, porque hai moito terreo de recheo e entullos, bastante delicado. Agardan que a obra se poida terminar neste mes e que os problemas que están causando aos veciños se rematen canto antes.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, sinala que o Sr. alcalde acaba de dicir que se rematará este mes e que están a día 25.

O Sr. alcalde aclara que se refire ao mes que vén.

O Sr. Cubeiro manifesta que ademais desa obra, tamén hai outra no Temple con problemas, a reurbanización da praza Manuel Murguía. No mes de xuño o PP pediu unha relación de obras en curso e o prazo de execución estimado. Contestóuselles que era de 16 semanas, ese prazo xa rematou e a obra está sen rematar. Os veciños da zona están sufrindo tres obras. Agora xa están en marcha e é evidente que hai que rematalas o antes posible, pero hai que ter un pouco de sentido e non comezar obras desta forma, curtando a Tapia, curtando o Paseo Marítimo, coa praza de Manuel Murguía levantada e a rúa Constitución en obras. Di que O Temple é un auténtico caos, que el sabe que agora mesmo xa hai ata mala sorte, porque se algo pode pasar é que pasa, o que pide é que se lles dea unha data verídica de finalización.

O Sr. alcalde contesta que o que teñen é o informe que elaboran os directores de obra. Nun principio a Tapia debe estar rematada a finais de outubro, a obra da praza de Manuel Murguía e a do Polígono agardan que estean a mediados de decembro.

O Sr. Cubeiro pregunta como unha obra de catro meses, como era a da praza de Manuel Murguía, sufriu eses atrasos.

O Sr. alcalde responde que houbo varias demoras, incluídas por parte da empresa, e que o que máis quixeran eles é que os veciños tiveran os menos problemas posibles, pero que xurdiron problemas alleos a eles. Pensan que agora colleron un bo ritmo, pero houbo problemas importantes, coa tubaxe, co plan de traballo da empresa, co plan de seguridade, etc. Son temas que ás veces se escapan das mans dos que contratan.

O Sr. Cubeiro pídelle ao Sr. alcalde que sexan conscientes, que se preocupen da situación da xente, e que ademais da crise que se está a producir, nesa zona a xente está sufrindo unha serie de graves consecuencias, porque a xente non para. Xa lle dixeron ao Sr. Salcines cando presentou o programa de tapeo, que o que tiña que facer era facilitarlle á xente o aparcamento. O que pide o seu grupo é que acaben as obras rápido e que cando teñan que facer máis as fagan con sentido, con orde, e non en varios puntos á vez.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que menos mal que non houbo ningún grupo político que pedira neste pleno que se paralizaran as obras no Temple.

Rexistradas de entrada ao núm. 12068 o día 22 de setembro de 2008.

1ª O pasado pleno de 28 de agosto, o concelleiro de Educación comprometeuse a expoñer neste de setembro os datos de escolarización e cobertura dos servizos de educación complementares. Lembrámoslle este compromiso e insistímoslle en que explique como se teñen resolto os problemas na cobertura de prazas e na adxudicación delas, tanto nas escolares como nas de servizos de comedor.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que respecto dos datos de escolarización que figuran no informe que lles entregou, o único problema xurdiu no Graxal, onde dous rapaces quedaron sen praza e tiveron que ser escolarizados no colexio de Brexo-Lema, o resto dos nenos están todos escolarizados.

Continúa dicindo que con respecto ao servizo de comedor xa dixo antes que ao final se resolveu o problema, e que só están pendentes do colexio Wenceslao. E que respecto do programa Mañanceiro todas as solicitudes están admitidas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que hoxe xa tocaron moito os temas de educación, polo que non vai volver entrar nalgunhas cuestións que xa debateron antes, pero si quere salientar un par de cuestións. A primeira delas, que o BNG xa intentou traer este tema antes de que se produciran os problemas, para darlles solución. Coas listas de solicitudes que había no mes de xuño xa se podía saber como ía estar o servizo ao comezo do curso, e a pesar do que opinan algúns, el felicítase de que estea arranxado o problema e de que as familias estean ben contentas. Pero di que hai outra cuestión que si pensa que é bastante importante, é a imaxe que o propio goberno municipal deu na solución destes problemas. Pensa que se deu a sensación de que non estaba moi claro se o concelleiro de Educación estaba para defender e satisfacer os dereitos e necesidades das familias, ou se era un simple interlocutor da Consellería de Educación, e di que esa impresión deuse, sobre todo en declaracións públicas que saíron nos últimos días. Pensa que esa foi unha imaxe moi mala para a percepción que todo o mundo ten. Pensa que o concelleiro de Educación o que tiña que facer era poñerse do lado das familias, para defender diante da Consellería uns dereitos e unhas necesidades que había que cubrir en Cambre.

Continúa dicindo que se está a producir unha situación perversa, familias que se enfrontan entre elas para ver quen ten máis ou menos dereito á prestación do servizo de comedor. Pensan que iso é unha cousa que dende o goberno municipal, e dende o conxunto da corporación, hai que velar para que todas as familias que teñan dereito poidan ter o servizo de comedor, e non simplemente limitarse á aplicación dunha norma. Hai que intentar que os nenos de Cambre non queden sen servizo de comedor. O problema non é, como leron nalgunhas declaracións, que haxa familias que reúnen os requisitos e que piden o servizo aínda que non o necesiten, ocupando prazas doutras que reúnen os mesmos requisitos, pero que o necesitan máis. Di que esa non é a cuestión, que a cuestión é que hai que insistir para que todas as familias que cumpran os requisitos teñan praza de comedor e non haxa que establecer baremos e diferenzas. Parece que hoxe está en vías de solución todo o problema, pero dende o BNG estarán vixiantes para que o tema do colexio de Cambre tamén teña solución nos próximos días.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que quere aclarar que dende o mes de maio xa se estaban facendo xestións coa Consellería para a ampliación das prazas en todos os centros escolares. Non puido ser naquel momento porque a Consellería dicía que o número sería o mesmo do ano anterior. Seguiron insistindo niso durante todo o verán e no mesmo mes de setembro. Non deron unha solución ata o final, cando uns rapaces quedaron fóra. Respecto das declaracións ás que se refire o voceiro do BNG, di que lle fixeron unha pregunta concisa sobre se todos os rapaces necesitaban comedor, e que a súa resposta foi que os dereitos que teñen son todos iguais, que pode entrar algún que ao mellor non o necesite tanto como outro, polas condicións en que están feitas as solicitudes, podería ser, pero a súa resposta foi que todos tiñan o mesmo dereito a ter o comedor sempre que o solicitaran, porque todos podían cumprir os requisitos. Esa foi a resposta, aínda que pode que a transcrición a fixeran doutra maneira.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el non ten porque cuestionar o que o Sr. López Lisnier lle está dicindo, pero que non entende que se dende xuño comezaron a traballar con eses datos e a facer xestións, porque no pleno de agosto cando fixeron a pregunta non contestou xa cos datos que tiña. En todo caso non dubida de que o Sr. concelleiro fixera as xestións, pero eles fixeron a pregunta en agosto. Di que hai que ter coidado co que se di aos xornalistas, porque despois o que traducen pode caer moi mal entre a xente afectada, que pode chegar a pensar que os seus representantes non os están defendendo, e iso tampouco é bo.

Don Jaime Manuel López Lisnier sinala que a información da que dispoñían era que ía aumentar o número de solicitudes de prazas de comedor, pero non sabían en canto, porque non tiñan a información por parte dos colexios.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pide a palabra para contestar ás alusións feitas polo BNG, xa que di que o seu voceiro está hoxe especialmente incisivo co Partido Popular. Sinala que el fixo unha intervención con respecto ás obras do Graxal, e que o voceiro do BNG, na súa primeira pregunta, dixo que menos mal que non pediron a paralización das obras. Quere aclarar que cando o PP pediu a paralización das obras foi cando estaban falando do problema do gas, polo risco grave que había. Supón que o BNG está incisivo pola noticia que saíu no diario “La Voz de Galicia”, respecto da posibilidade de éxito dun pacto PSOE-BNG en Cambre, despois do apoio prestado aos orzamentos. Pídelle ao BNG que faga a súa labor, pero que deixe ao PP tranquilo.

O Sr. Iglesias Oviedo di que xa lle pasarán unha fotocopia porque non leu os xornais hoxe.

2ª Coñece o goberno local que nos últimos meses se ten curtado algunha árbore na fraga de Quintán en Cecebre? Ten iniciado algún tipo de acción ou expediente?

O Sr. alcalde contesta que falou co sarxento da Policía Local e que lle dixo que non había ningún parte ao respecto, pero que o miraría e que lle informaría.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que pensaban que era de coñecemento do goberno municipal, porque foi moi evidente que operarios de Fenosa curtaron un carballo por un problema cuns cables. Pensa que habería que investigar o tema e dar un aviso, porque trátase dunha fraga protexida, ademais parece ser que estaba presente xente de Protección Civil. Di que se eles mesmos permiten que se curten árbores nunha fraga protexida, despois dificilmente van poder opoñerse ao paso do AVE dicindo que está protexida.

O Sr. alcalde di que se investigará.

3ª Que medidas ten tomado o goberno municipal para adecuar as bases de datos persoais que manexa o concello, para adaptalas ás esixencias da Lei de protección de datos e, cales son as bases ou rexistros que existen actualmente?

A secretaria xeral da corporación informa que, dada a preocupación que existe pola protección de datos, tanto no ámbito das administracións públicas como en calquera outra empresa, sobre o mes de abril presentáronse no concello dúas empresas ofrecendo os seus servizos, co obxecto de elaborar un documento de seguridade de acordo coa Lei de protección de datos. Esas empresas foron recibidas en Secretaría, e tras esa reunión, pediulle á funcionaria responsable de Contratación que se fixera con pregos de prescricións técnicas para poder contratar o que antes se chamaba un contrato de consultoría e asistencia, e hoxe se chama contrato de servizos. Neste momento dispoñen dun modelo da FEGAMP, dun concello limítrofe e doutros dous máis. Recoñece que iso se fixo a raíz da visita das empresas, pero que despois o tema quedou paralizado como consecuencia do número de expedientes de contratación que saíron nos meses de maio e xuño. A día de hoxe está pendente de que se resolvan todos eses outros expedientes.

Engade que todo iso vai supoñer que, como primeiro paso, se faga unha relación dos ficheiros existentes no concello, porque os ficheiros que teñen aprobados datan dos anos 92 ou 93, e que incluso teñen aprobado un regulamento de protección de datos desas datas. Nese momento aprobáronse unha serie de ficheiros que funcionaban no concello, como foron Contabilidade, Padrón de Habitantes, licenzas, emprego, un ficheiro de asociacións veciñais, etc., un total de 9 ou 10 ficheiros que a día de hoxe están totalmente obsoletos. Hoxe en día, en calquera departamento municipal, sexa a Policía Local, ou sexa Obras e Servizos, dispoñen dunha serie de datos persoais, que realmente non se atopan en ficheiros, por iso, para a protección deses datos o primeiro que haberá que facer será crear os ficheiros, saber cantos existen en cada departamento, e tendo en conta iso, elaborar o correspondente documento de protección de datos.

Dado que en Contratación vai ser totalmente imposible facer todo ese traballo, porque non se conta con persoal, o que pretenden é incluír no prego de prescricións técnicas que se elabore, que a empresa se encargue tamén do labor de ir por todos os departamentos recabando información, sen prexuízo do control por parte do funcionario que se determine, e que ao mesmo tempo se faga o documento de seguridade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, sen entrar en cuestións técnicas, o que é evidente é que no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos, os ficheiros que aparecen dados de alta do Concello de Cambre son obsoletos, e algúns deles probablemente xa nin existen. Di que ultimamente hai unha sensibilidade especial con estes temas, todos eles saben o que ocorreu nun concello veciño cos rexistros da Policía, estanse manexando rexistros de datos de especial sensibilidade, como son usuarios

de Servizos Sociais, etc., polo que considera que é necesario e urxente dalos de alta na Axencia Española de Protección de Datos, e delimitar claramente quen é o que pode manexalos, quen os custodia, para evitar calquera tipo de problema.

A secretaria da corporación sinala que basta ver o Boletín Oficial da Provincia para comprobar que poucos ficheiros se crearon na maior parte dos concellos de Galicia, e que ata que non houbo un problema non se tratou o tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que non estaría mal que fósemos adiantados respecto a moitos outros. É algo que hai que tomar moi en serio porque pode ter repercusións legais e penais preocupantes.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11971 o día 20 de setembro de 2008.

1ª Pode informarnos o goberno local sobre a xuntanza mantida co Delegado Provincial de Industria para tratar sobre os sobrecustos ocasionados pola necesidade de realizar os traballos que está executando Gas Galicia de forma manual, co fin de evitar novas roturas e fugas de gas?

O Sr. alcalde contesta que estiveron co Delegado vendo o expediente que se remitiu. Di que está feita unha proposta da Xunta sobre o tema sancionador, e que cando sexa firme quedaron de informar ao concello sobre o tipo de sanción que se vai impoñer.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que a pregunta vai máis ben dirixida a cales van ser o sobrecustos que vai ter a obra ao ter que facer toda a escavación a man, e quen o vai pagar.

O Sr. alcalde di que existe a vontade do Delegado de intermediar coa empresa para que recoñeza que esa obra a maiores é debida ás anomalías da obra, con independencia de que pola falta de responsabilidade ou rigor na obra, a Xunta lle poña unha sanción a empresa.

2ª Recentemente os medios de comunicación informaban da xuntanza mantida polo Sr. alcalde, o voceiro do BNG, co xerente do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.

Dada a importancia dos temas tratados para a parroquia do Temple e tamén para o conxunto do concello. O noso grupo solicita dos responsables das correspondentes áreas nos informen do seguinte:

- Cales foron os compromisos adquiridos na mencionada xuntanza sobre a construción da galescola, centro de día e da posibilidade de construción dun novo centro de saúde?

- Se nos informe da situación actual, e se existe algún calendario de actuacións.

O Sr. alcalde contesta que na reunión deixaron unhas copias dos planos que teñen, planos de cotas, e a oferta do terreo necesario para que se poida facer a galescola e o centro de día. Trátase dunha parcela de 3.200 metros, e o que se trata é de ver a posibilidade de situar aí o centro de saúde, nese sentido di que xa hai unha carta do Sergas na que se solicita se poña á súa disposición o terreo para iniciar os trámites para a ampliación do centro de saúde, para o cal necesitan 1.600 metros, preferiblemente nunha planta. O que se lles vai ofrecer é menos superficie, pero coa posibilidade de que como o terreo ten dúas rúas, que poidan facer máis obra, xa que ademais, urbanisticamente nese terreo se pode facer soto, baixo e tres alturas.

Igualmente están pendentes de que a Consellería de Servizos Sociais lles informe que superficie necesitan para a galescola e o centro de día. Deixáronlles a información e están esperando que contesten.

3ª Despois dun incerto e complicado comezo do curso escolar con problemas de escolarización de nenos/as pola falta de prazas escolares no colexio do Graxal, e a carencia de prazas nos comedores escolares nos centros de ensino do concello; sen dúbida outro atranco máis por se non temos bastantes, para acadar a tan publicitada e desexada conciliación familiar.

Ante este último acontecemento o noso grupo municipal pregunta:

- Que medidas ten tomado o grupo de goberno para intentar arranxar dito problema?

- Que medidas vai tomar o actual goberno para que non se volvan a producir situacións de desamparo, como as recentemente vividas por moitas familias de Cambre?

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que como deste tema xa teñen falado antes, queren incidir sobre todo na segunda pregunta referida ás medidas que se van tomar no futuro.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que para solucionar o problema o que están facendo é solicitar da Delegación á máxima celeridade na ampliación do colexio do Graxal, e tamén van tratar de facerse, o antes posible, cos terreos necesarios para poñelos a disposición da Consellería e construír outro colexio.

Don Juan Antonio Fernández López amosa o seu acordo con esas medidas e solicita que se faga todo o posible por axilizar os trámites, porque en contactos que mantiveron con membros da ANPA, non están nada convencidos de que esa obra se vaia realizar nos prazos previstos.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que el mesmo se reuniu esta tarde cos membros da ANPA para darlles a información da que dispón, e informalos de onde poden confirmar por eles mesmos o que lles estaba dicindo, e parece ser que mañá o van comprobar.

4ª Cal é o motivo de que o máximo responsable do urbanismo do concello, non teña convocada a Comisión Informativa Especial para o PXOM?

O Sr. alcalde contesta que teñen prevista unha reunión o martes co equipo redactor e agarda poder citar aos voceiros para o xoves.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia